

ARTIGO 8º.—INFRACCIÓN E SANCIÓN

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas corresponden en cada caso, estarase ó disposto nos artigos, 77º e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA

Quedan exentos da obriga de obtención de licenza municipal, aqueles exemplares caninos que foran obxecto de adestramento baixo a supervisión directa de organismos públicos ou privados que utilicen estes animais cunha finalidade social.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor no mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partires do día seguinte, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

**ORDENANZA FISCAL Nº 19 REGULADORA DAS TAXAS POR IMPARTICIÓN DE ENSINANZAS
NO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DO CONCELLO DE CANGAS**

NATUREZA E FUNDAMENTO ARTIGO 1º.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos do 15 ó 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece as TAXAS POR IMPARTICIÓN DE ENSINANZAS NO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DO CONCELLO DE CANGAS, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, atendendo as súas normas ó previsto no artigo 57 da citada Lei 2/2004.

FEITO IMPOÑIBLE ARTIGO 2º.

Constitúe o feito imponible da Taxa, a prestación dos servizos consistentes na impartición de ensinanzas no Conservatorio Profesional de Música do Concello de Cangas.

SUXEITO PASIVO ARTIGO 3º.

Serán suxeitos pasivos destas Taxas as persoas que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades que se detallan na tarifa desta Taxa.

COTA TRIBUTARIA ARTIGO 4º.

A estrutura e contía das taxas a satisfacer ó Concello polos alumnos, será a que figura na seguinte

TARIFA:*—Punto 4.1.—Cota Tributaria.**Grao elemental*

Cursos (1º, 2º, 3º e 4º)	Matricula	106,58 €
	Cota trimestral	30,45 €
Matricula de cada materia pendente	35,53 €
Proba de acceso 1º curso	15,23 €
Proba de acceso cursos 2º, 3º e 4º	25,38 €

Grao profesional

Cursos 1º e 2º	Matricula	253,75 €
	Cota trimestral	50,75 €
Cursos 3º e 4º	Matricula	279,13 €
	Cota trimestral	50,75 €
Cursos 5º e 6º	Matricula	304,50 €
	Cota trimestral	50,75 €
Matricula de cada materia pendente	25,38 €
Proba de acceso Grao profesional	40,60 €

4.2.—A taxa correspondente ós dereitos de apertura de expediente será fixada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia no Decreto correspondente. Estes dereitos serán satisfeitos polos alumnos no impreso de liquidación correspondente.

4.3.—A taxa correspondente a materias pendentes aplicarase a aqueles alumnos que matriculándose dun curso completo, teñan pendente unha materia do curso anterior. Así mesmo aplicarase a aqueles alumnos que se matriculen no centro con materias pendentes do 6º curso, sempre que unha destas non sexa a especialidade instrumental. No suposto de que a materia pendente sexa a especialidade instrumental será de aplicación o disposto no artigo 4.5.

4.5.—No caso de alumnos que teñan convalidadas dous ou máis asignaturas da especialidade que cursan aboarán un 80% das taxas establecidas para o curso no que se matriculen, fraccionándose o importe total de igual xeito que para o resto dos alumnos. No caso de que teñan convalidadas menos de dúas asignaturas aboarán o importe íntegro do curso.

BENEFICIOS FISCAIS ARTIGO 5º.

5.1 Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de Lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais, ademáis dos previstos nesta Ordenanza.

5.2.— Serán de aplicación os seguintes descontos por renda, tal e como se detallan:

Renda ano	Nºunidade familiar	Dto.
<10.000 €	3	25%
<10.000 €	>4	35%
>10.000 <20.000 €	3	15%
>10.000 <20.000 €	>4	20%

DEVENGO ARTIGO 6º.

Percíbese a Taxa e nace a obriga de contribuir cando se inicie a prestación dos servizos ou a realización das actividades, aínda que se poderá esixi-lo depósito previo.

ARTIGO 7: LIQUIDACIÓN.

No momento de formalizar a solicitude de prestación dos servizos ou das actividades de ensinanza no Conservatorio, deberá cuantificarse o importe do prezo no modelo de impreso que se facilitará para dito fin. Cargarase na conta bancaria facilitada polo pai, nai ou titor ou polo propio alumno conxuntamente cos prezos do curso completo, sendo:

— Primeiro pago da matrícula de grao elemental (incluída a matrícula en materia pendentes ou en asignatura solta) (20 de xullo): 50,00% da Matrícula

— Primeiro pago da matrícula de grao profesional (incluída a matrícula en materia pendentes ou en asignatura solta) (20 de xullo): 50,00% da Matrícula

— Segundo pago da matrícula de grao elemental (incluída a matrícula en materia pendentes ou en asignatura solta) (20 de decembro): 50,00% da Matrícula

— Segundo pago da matrícula de grao profesional (incluída a matrícula en materia pendentes ou en asignatura solta) (20 de decembro): 50,00% da Matrícula

— Pagos das cuotas trimestrais: 100% da cuota trimestral o ultimo día dos meses de setembro, decembro e marzo.

— Pagos das Probas de acceso: 100% no momento de solicitar a proba de acceso no modelo de impreso que se facilitará para dito fin.

O pago efectuarase de conformidade co previsto no artigo seguinte.

FORMAS DE PAGO ARTIGO 8.

8.1.—O pagamento desta Taxa realizarase exclusivamente por domiciliación bancaria. O total do importe da matrícula do curso fraccionarase sen intereses e cargarase na conta bancaria que os alumnos faciliten no impreso de matrícula. As fraccións do total do importe do curso serán comunicadas ós alumnos polo Conservatorio no íntre de formalizar a matrícula.

8.2.—Para o suposto de baixa dun alumno, tanto na matrícula do curso académico como na matrícula das probas de acceso aplicarase o seguinte:

- No suposto de que a solicitude de baixa se produza despois dos prazos de matrícula do mes de xuño e antes do 31 de xullo do ano en curso, o/a alumno/a terá dereito á devolución do 100% das taxas que teña aboado, anulándose os importes que teña pendentes de cobro.

- No suposto de que a solicitude de baixa se produza despois do 31 de xullo do ano en curso e antes do comezo oficial das clases o/a alumno/a terá dereito á devolución do 75,00 % das taxas xa aboadas, anulándose os importes que teña pendentes de cobro.

- Por último, se a solicitude de baixa se produce unha vez comezado o curso académico o/a alumno/a non terá dereito a devolución algunha, debendo aboar os importes que teña pendentes de pago para a concesión definitiva da baixa.

8.3.—No caso de devolución dun recibo pola entidade bancaria correspondente, notificarase por escrito ós alumnos, establecéndose o prazo dun mes dende a data de notificación para que os interesados fagan efectivo o abono do importe do recibo na conta bancaria que se lles indique. En caso de non realizar dicho pagamento no prazo previsto procederase a baixa do alumno no Conservatorio Profesional de Música.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA Cando existan os convenios de colaboración ós que fai referencia o artigo 27.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, os procedementos de liquidación e recadación regulados nos artigos 7 e 8 desta Ordenanza cederán ante a regulación prevista nos convenios.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA Derrógase a regulación anterior que afecte ao regulado pola presente Ordenanza Fiscal.

DISPOSICIÓN FINAL A presente Ordenanza Fiscal, aprobada a súa redacción polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 27.12.2013, entrará en vigor o 01/01/2014, dende o momento en que se presten os servizos regulados nesta Ordenanza Fiscal, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

**ORDENANZA FISCAL Nº 20 REGULADORA DA TAXA POR APROVEITAMENTOS ESPECIAIS
CON INSTALACIÓN DE POSTOS DE VENDA NA VÍA PÚBLICA E, EN XERAL, EN BENS DE DOMINIO
PÚBLICO MUNICIPAL, AUTORIZADOS Ó AMPARO DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA
DA VENDA AMBULANTE NO TERMO MUNICIPAL DE CANGAS**

ARTIGO 1.—FEITO IMPOÑIBLE

Constituirán feito impoñible destas taxas os aproveitamentos da vía pública, solares ou espazos abertos, e en xeral bens de dominio público municipal, autorizados ó amparo da Ordenanza Municipal Reguladora da Venda Ambulante no Termo Municipal de Cangas.

ARTIGO 2.—SUXEITOS PASIVOS

Serán suxeitos pasivos, obrigados ó pagamento das taxas reguladas nesta ordenanza aquelas persoas autorizadas a instalar postos segundo o disposto no artigo 1 desta ordenanza.

ARTIGO 3.—EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Agás o previsto en normas con rango de lei ou tratados internacionais, non se admitirán exencións nin bonificacións nestas taxas.